



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA TEMPORAL DUN/DUNHA AXENTE DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN, (TIC) PARA LEVAR A CABO A IMPLANTACIÓN E XESTIÓN DA REDE CeMIT NO CONCELLO DE CUNTIS.

1.- BASE PRIMEIRA.- POSTO QUE SE CONVOCA.

O Obxecto da presente convocatoria é a selección dun funcionario/a interino/a do grupo C, acollido á execución dun programa de carácter temporal, co obxecto de implantar e xestionar as diferentes actividades que se desenvolvan no marco da Rede CeMit no Concello de Cuntis.

A modalidade de cobertura será a de funcionario/a interino/a do grupo C, acollido a un programa de carácter temporal prevista no artigo 10.c) de la Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público. Así mesmo e conforme ao establecido no artigo 10.2, os procedementos selectivos realizaranse a través de procedementos áxiles que respectarán os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A cobertura será temporal, por un período dende o 24 de marzo ata o 31 de decembro de 2014, con cargo a contía económica pola que se dota a subvención ó concello de Cuntis, en virtude da resolución de solicitude de aula de referencia e de concesión de subvención, ditada pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), o 4 de febreiro de 2014, tendo en conta o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a FEGAMP convenio asinado coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia, de data 11/02/2014.

Tendo en conta o establecido no artigo 61 apartado 6 e 7 do Estatuto do Empregado Público en relación cos sistemas selectivos de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, e tendo en conta o carácter temporal da cobertura, realizarase a través dun proceso de concurso de méritos.

As funcións a desenvolver son as que a continuación se citan:

- Promover o uso das TIC na poboación programando actividades e estratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

- Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas.
- Xestión da aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación
- Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Achega de datos de seguimento e avaliación das actividades.
- Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o aceso ás TICs como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.
- Ser enlace entre o Centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da Información da cidadanía.
- Colaboración na achega de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no seu concello da nova Rede CeMIT.
- Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do Concello.
- Estender o coñecemento e uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas.
- A xornada habitual será a tempo parcial de Martes a Venres polas tardes de 16 a 20 horas e Sábados pola mañá, de 10 a 14 horas, cunha duración de 20 horas semanais.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ter nacionalidade española. Os/as nacionais doutros estados da Unión europea poderán acceder ao posto de traballo conforme o disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
4. Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

5. Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
6. Estar en posesión, necesariamente, dalgunha das seguintes titulacións formación profesional de Grado Superior, ou Diplomatura, Licenciatura ou Grado na rama de Tecnoloxías da Información e Comunicación
7. Ter experiencia en centros iguais ou similares ou noutros proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía.
8. Ter coñecemento da lingua galega que se acreditará co certificado CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente.
9. Ter permiso de conducir e dispoñibilidade de coche.

Faranse constar e valoraranse:

- Cursos acreditados en informática e dinamización social.
- Acreditación de coñecementos e manexo de programas informáticos cun nivel se usuario medio.
- Habilidades de comunicación , atención , capacidade e uso de técnicas de escoita activa.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o concurso de méritos:

A) BAREMACIÓN DE MÉRITOS

A baremación de méritos realizarase tendo en conta os que a continuación se relacionan con arranxo á puntuación que así mesmo se especifica.

Os méritos deberán ser acreditados con copias de contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral e copias dos diplomas, títulos ou carnes correspondentes.

Baremo de Méritos:

1. Titulacións da rama de Tecnoloxías da Información e Comunicación
 - Titulacións de FP..... 0,50 puntos
 - Diplomaturas..... 1,00 puntos
 - Licenciaturas..... 1,50 puntos
 - Grados..... 1,25 puntos

Soamente se valorará a máis favorable, cun máximo de 1,5 puntos



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

2. Estar en posesión dun Máster ou curso de posgrao, relacionado cos contidos e as función do posto de traballo a desempeñar, citadas na base primeira. Valorarase con 0,05 puntos por cada 20 horas., cun máximo de 2,5 puntos, tendo en conta a seguinte fórmula (N° horas/20 x 0,05)
3. Por servizos prestados como Axente TIC para rede CeMit (máximo 5 puntos)
 - Por servizos remunerados prestados na Administración Pública, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,10 punto/mes.
 - Por servizos remunerados prestados en empresas privadas, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,05 puntos/mes.
4. Cursos de formación específicos relacionados directamente coas función a realizar
Máximo 3 puntos

Por cada 20 horas 0,1.

Os cursos de menos de 20 horas non se valoraran. Para o resto o calculo farase sumando as horas totais e obterase o resultado que proceda en base a seguinte fórmula:

Puntuación = Número de horas totais de cursos de mais de 20 horas/20 * 0,1

A puntuación máxima por este concepto será de 3 puntos.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente un número mínimo de horas que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar.

5. Formación en metodoloxía ou habilidades docentes. Máximo 1,5 puntos.

Cursos de formación metodolóxica, por cada 20 horas 0,05 puntos.

CAP ou Máster Universitario de Profesorado en ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas 0,5 puntos

A valoración de méritos será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e páxina WEB, podendo os/as aspirantes formular reclamación no prazo de dous días hábiles que serán resoltas polo Tribunal, e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e páxina WEB



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

En caso de empate entre os/as aspirantes, teranse en conta os seguintes criterios por orde de prelación:

- 1º Quen acredite una nota máis alta na valoración das titulacións que posúa, sen límite de puntuación
- 1º Quen acredite un máster ou curso de posgrao relacionado coas funcións a desempeñar.
- 2º Quen acredite maior número de horas de formación relacionada coas funcións a desempeñar, sen límite de puntuación
- 3º Quen acredite mais experiencia traballando no mesmo posto de traballo na administración local, sen límite de puntuación.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro do Concello ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de cinco días naturais, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP de Pontevedra, sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas e os sábados de 10:00 a 13:00 horas.

Se se envía a documentación por calquera dos medios previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, no mesmo día no que se faga o envío, deberase mandar mediante Fax o modelo de instancia selado, para desta maneira ter coñecemento o Concello da presentación da mesma, sen a concorrencia deste requisito, non será admitida a instancia se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo (Nº de Fax: 986 533995).

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI. ou documento que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. (Xa vai na solicitude)
- Fotocopia da titulación esixida.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

- Fotocopia do certificado CELGA 4 ou equivalente.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles, incluíndo a xustificación da experiencia en centros similares ou noutros proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía mediante copia dos correspondentes contratos de traballo. E vida laboral
- Fotocopia do carné de conducir.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

O Tribunal que terá como funcións a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes e proposta de contratación estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente/a: A Secretaria do Concello de Cuntis ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

Secretario/a: Un funcionario/a da Corporación que actuará con voz pero sen voto.

Vocais: Dous vocais designados pola Alcaldía.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

A presente convocatoria farase a través do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Cuntis e no taboleiro de anuncios do Concello. O prazo para presentar a solicitudes será de 5 (cinco) días naturais a contar dende o seguinte a publicación do anuncio no BOP.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, o tribunal procederá a valoración dos méritos aportados polos/as candidatos/as á praza convocada, expoñendo no taboleiro de anuncios do Concello e na páx. web o listado provisional coas persoas admitidas e excluídas e puntuacións obtidas

Así mesmo, tamén mediante anuncio no taboleiro de anuncios e páx. web, e unha vez resoltas as alegacións, se as houbera, publicarase a relación definitiva e proporase o



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

nomeamento daquela persoa que obtivera maior puntuación e designaranse suplentes por orde de puntuación.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/A aspirante proposto presentará no rexistro do concello, no prazo de cinco días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasa-la revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

8.- NOMEAMENTO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior, soamente procederá a formalización do nomeamento do/a aspirante seleccionado/a.

O acordo definitivo de nomeamento que adopte o Concello será publicado no taboleiro de anuncios, para coñecemento de todos/as os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

9.- RÉXIME XURÍDICO

O Tribunal de valoración queda facultada para adopta-las decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha do proceso de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan xurdir durante o desenvolvemento do proceso selectivo.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

jrf

MODELO DE INSTANCIA

D/^a _____ provisto/a de DNI
nº _____ con domicilio en _____
_____ C.Postal _____
Localidade _____ Provincia _____
Teléfono _____ email _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cuntis para unha praza dun/ha axente TIC para a Rede CeMIT.

DECLARO: *(marcar cun X)*

- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Solicito ser admitido/a ao referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Que acompañei curriculum vitae xunto cos xustificantes dos méritos alegados de acordo cos contidos destas bases.
- Que no caso de non presentar a solicitude no rexistro do Concello de Cuntis, adianto a presente instancia por Fax o nº 986533995

Cuntis, de marzo de 2014

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS